

Eugenio F. Ceaer

## CERTAME LITERARIO VILALBA 2003

Opción ó Premio de POESÍA

Lema: "Pasando por aquí"

### ESTAMPAS DE VILALBA

#### Tríptico

Castelo de Vilalba, fiel castelo,

que nos gardas coa sombra do teu sol,  
que acendes cada día o teu farol,  
e fas de cada pedra o teu desvelo.

Castelo dos castelos, un martelo  
foi pasando a túa pel polo crisol,  
para que brile co mellor remol  
ese corpo que tí luces sen velo.

Xa nos deches fulgor coa túa historia,  
xa nos honras coa túa fidalguía.  
Vilalba reza en tí o seu rosario  
nos misterios de dor e nos de gloria.  
Parador e castelo en armonía:  
¡mil primaveras más na túa memoria!

### A Pravia

A pravia de Vilalba fai un prado  
no medio desta urbana galanura,  
e dalle nome e vida á comisura  
do noso camiñar engaiolado.

Un niño de paxaros sempre alado  
resoa entre o verdor da súa espesura,  
e pon nas nosas festas a dozura  
e a sombriña na feira e no mercado.

Nosa pravia, que estás aquí pretiño,  
nosa pravia, que ves na lonxanía,  
e oriénta-los rueiros de Vilalba,  
madruga tí por nós en cada alba,  
descánsanos no medio do camiño,  
e garda os nosos soños noite e día.

### O Feirón

O Feirón ven da noite cara ó día,  
e madruga nas rúas e nas prazas.  
Tráenos frescas verduras e fogazas,  
e aleda os tenderetes coa armonía.

Tendeiros e clientes a porfía  
trafican coas cebolas e as cabazas.  
Os queixos coas galiñas e coas tazas  
axúntanse en fraterna sintonía.

¡Qué alegre este Feirón da nosa chaira,  
onde todo se ofrece en baratura,  
e colle cadaquén o que lle presta!  
Voltarán os labregos á súa aira,  
sabendo que mercaron con xeitura,  
e da feira fixeron unha festa.